



# CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

## BANDO

### JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES

#### MEDIDAS E RECOMENDACIONES ANTE A PANDEMIA DE CORONAVIRUS

Como consecuencia da situación xerada pola evolución do coronavirus COVID-19 é necesario a adopción de medidas de prevención e contención extraordinarias polas autoridades, a fin de garantir a protección da saúde pública.

As presentes medidas aplicaranse dende o día 13 de marzo de 2020 e estarán vixentes ata o día 30 de marzo de 2020.

1.- Suspensión de todas as actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello de Ordes en edificios e instalacións municipais.

2.- Suspensión do Curso de habilidades sociais organizado polo Concello de Ordes en Mesón do Vento.

3.- Suspensión da autorización para utilizar os locais sociais municipais para o desenvolvemento do Programa Prescolar na Casa.

4.- Peche dos edificios e instalacións municipais seguintes:

- Piscina Climatizada Municipal.
- Biblioteca Municipal.
- Escola de Música.
- Casa da Cultura.
- Museo do Traxe.
- Pavillóns polideportivos municipais.
- Cidade deportiva de Vista Alegre.
- Local social da 3ª idade.
- Locais sociais das parroquias.

5.- Atención ao público polos servizos administrativos na Casa Consistorial.

Unicamente se atenderá presencialmente nas oficinas de Rexistro Xeral e Padrón de Habitantes (09:00 a 14:00 horas).



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Nos resto de servizos administrativos municipais a atención será exclusivamente telefónica e telemática. No caso de ser precisa atención presencial deberá solicitarse previamente en cada servizo.

Todos os administrados poden utilizar medios telemáticos para a xestión administrativa para o que está dispoñible a sede electrónica do Concello de Ordes <https://sede.ordes.gal/opencms/gl/>.

Poderá obterse información actualizada a través da web municipal, [www.ordes.gal](http://www.ordes.gal) (NOVAS: apartado "Actualidade coronavirus").

Por último, recomendase que se extremen os coidados persoais, e se cumpra coas recomendacións feitas públicas polas autoridades sanitarias e se tomen medidas para evitar que los contaxios continúen aumentando

É obriga e responsabilidade de todos tomar as precaucións precisas tanto para preservar a nosa saúde e a das nosas familias, como para axudar a que o sistema sanitario non colapse e os seus profesionais poidan continuar a desenvolver o seu traballo coa eficacia, dedicación e entrega que tan ben o están facendo ata agora.



Ordes, 12 de marzo de 2020

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo